AXENDA

primavera

2018

marzo
abril
maio

cultura · mocidade · deporte · voluntariado

CULTURA

MOCIDADE

DEPORTES

VOLUNTARIADO

venres-domingo
2, 3, 4

XV Mostra de Cultivos

Acubam organiza un ano máis, a Mostra de Cultivos do Baixo Miño, onde dase cita o sector agro da comarca. Este ano céntrase na temática da historia do agro no territorio

· Pasado: a través dunha exposición fotográfica farase un percorrido das principais épocas ligadas ao agro, que porán en valor a súa evolución ata o que é hoxe en día o sector e o que supón para o territorio.

· Presente: representado a través dos propios stands expositores das empresas ligadas á cadea de valor do sector agro no Baixo Miño.

· Futuro: III Edición de ACUBAM INNOVACIÓN, certame ao que se invita a participar a toda aquela entidade que queira presentar ideas de innovación tecnolóxica (tanto en produtos como en servizos) de aplicación en calquera eslabón da cadea de valor do agro na comarca.

mércores

7

Pilates para avoas, nais e fillas

Ademais de achegar os beneficios propios desta disciplina, fortalece o vínculo existente entre o grupo. As clases consistirán en sesións dinámicas con enfoque grupal e interacción constante entre as persoas. O Pilates é un sistema de entrenamento físico e mental que une o dinamismo e a forza muscular co control da mente, a respiración e a relaxación. Ofertaremos dous cursos de 10h de duración cada un, en Goián (Auditorio) e en Tomiño (Casa de Cultura).

A partir de 4 anos e sen límite de idade
Mércores de 17:30 a 18:30h, Goián
Venres de 19:30 a 20:30h, Tomiño
Prezo: 10€ por persoa

xoves

8

Mural feminista ANÓNIMAS

O proxecto pictórico no que Gemma Marqués leva meses a traballar consiste en reivindicar a todas as mulleres anónimas: nais, avoas, fillas, traballadoras (con ou sen nómina) e loitadoras que viven no máis absoluto anonimato. O seu labor, o seu esforzo diario coa familia e no traballo non é recoñecido pola sociedade. Nos retratos de mulleres, a artista enfatiza os ollos; a potencia feminina reflíctese na maneira de ollar.

Día Internacional da Muller
Campo fútbol de Goián

venres
9
ata o 1 de abril

Lugares Inesperados

de Liliya Pobornikova

Unha exposición de cerámica que explora as formas que xurden da imprevisibilidade orgánica. Un percorrido que nos traslada a lugares inesperados: inspiracións vexetais, profundidades oceánicas, texturas e formas que cobran vida na mirada do visitante.

Liliya Pobornikova naceu en Bulgaria no ano 1979. Na actualidade reside e traballa en Galicia. Finalizou os seus estudos na National Academy of Art, en Sofía, especializándose en esculturas de madeira. Forma parte da Unión de Artistas de Bulgaria. Participou en 99 simposios de escultura en Austria, Arxentina, Bulgaria, Brasil, China, Chipre, Dinamarca, Francia, Alemania, Xapón... Conta con varios premios polos seus traballos en simposios e competicións.

Mercado de Tomiño
Inauguración: 9 de marzo ás 20:00h

sábado
10

Té con Kant

de Teatro Inversa

Proxecto experimental que conxuga a combinación entre o ensaio filosófico e a creación escénica, xogando co humor e a ironía para obter unha peza de teatro íntimo próxima ao formato de teatro-didáctico-conferencia. As súas actrices (María Roja e Marta Pérez) tentan exercer como axitadoras filosóficas coa pretensión de remover e promover a reflexión (e acción) do público asistente arredor da problemática moral nos nosos días, así como examinar as vantaxes e inconvenientes morais da época ilustrada. Baixo o espectro do seu amigo e filósofo Immanuel Kant, exploran o porqué do fracaso da ilustración e a súa absoluta confianza na razón humana para dar paso á nosa época *post-moderna* na que predomina o fragmento e a decepción. Aínda é posible un mundo mellor baixo os ditames da razón ilustrada ou esta é unha condena ao fracaso?

Non recomendada a menores de 15 anos
Ás 22:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ (venda de entradas 1h antes en taquilla)

mércores
14
ata o 18 de abril

“Mulleres artistas por descubrir”

O obxectivo deste curso é que as persoas asistentes coñezan máis sobre a arte e recoñezan a mulleres artistas que, sendo grandes creadoras, son tamén grandes descoñecidas. O curso será impartido por unha artista plástica.

Mércores de 18:00 a 19:30h
Aula CEMIT Tomiño
Prezo inscrición: 10€

- **Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas.**
- **Requisitos de inscrición: a partir dos 12 anos, non é precisa formación previa.**

domingo
18

Rosa Caramelo e outras historias

de Talía Teatro

Espectáculo creado a partir dos contos de Adela Turín editados por Kalandraka. Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta que non consigue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando seu pai e nai desisten desa idea, descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras. Un espectáculo para nenas e nenos onde se lle dá a volta a roles e estereotipos de xénero con catro historias nas que se combinan palabras e música.

Idade recomendada: de 4 a 8 anos
Ás 18:00h
Casa de Cultura
Prezo: 3€ (venda de entradas 1h antes en taquilla)

sábado
24

Matrioskas
de Charlatana

É un espectáculo de dúas mulleres cantando e contando historias de mulleres, historias de vida que foron pasando dunhas ás outras nun fío invisible, coma os puntos que se soltan dun tecido, coma a onda do mar que morrendo se xunta coa seguinte. "Todas feitas da mesma madeira. Todas vestidas de cores. Todas elas, grandes e pequenas, con historias para contar e cos desexos agochados no ventre".

Non recomendada a menores de 15 anos
Ás 18:00h
Mercado de Tomiño
De balde

domingo
25

A maleta da avoa
de Raquel Queizás

Dende ben pequena escoitaba os contos da avoa, pola mañá, na merenda e, sobre todo, pola noite. A maleta da avoa está chea de pequenos tesouros, nela vive a memoria, entre libros, culleres, chapeus…

Idade recomendada: a partir de 3 anos
Ás 18:00h
Mercado de Tomiño
De balde

domingo

1

A nena que quería navegar

de Redrum Teatro

É unha comedia musical para toda a familia. A nena está farta de ser o centro das mofas dos seus compañeiros e por iso foxe da escola coa intención de non volver nunca máis. Na súa aventura topará co Xeadeiro, un ser máxico e vital, que a base de contos, xogos e cancións, devolveralle a autoestima perdida ensinándolle que dentro de cada unha de nós agóchase un ser único e especial, e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de acadar todo o que nos propoñamos.

Para todos os públicos
Ás 18:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ persoas adultas, nenos/as de balde
(venda de entradas 1h antes en taquilla)

CULTURA

ABRIL

sábado

7

(Día Mundial da Saúde)

Na butaca

de ButacaZero

Unha produción que aborda de maneira poética e optimista o tema do esquecemento como doenza, tipo demencia ou alzheimer, que adoita instalarse nas mentes de persoas de certa idade. A obra, partindo da idea do vivir no presente desa personaxe que está esquecida-perdida do seu pasado e do seu futuro, achéganos a unha realidade que por veces nos amosa paz e outras anguria, felicidade ou rabia. E xunto a ela, imos do cómico ao escatolóxico, pasando polo transcendente. 'Na butaca' remata por ser un alegato poético a favor da vida vivida no presente. Ao fin e ao cabo, quen non pensou algunha vez que o esquecemento nos faría máis felices?

Idade recomendada: a partir de 13 anos
Ás 22:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ (venda de entradas 1h antes en taquilla)

luns

9

ata o 22 de abril

Reptigalia

Ofrece, ademais dunha exposición, obradoiros e conferencias sobre insectos, réptiles, anfibios e artrópodos para axudar a nenos e nenas a coñecer mellor a natureza e a formarse e informarse para así respectar aos animais.

Para todos os públicos
9 de abril ata 22 de abril
Luns a venres de 18:00 a 20:00h. Sábados e domingos de 11:00 a 13:30h e de 17:00 a 20:00h
Casa de Cultura
De balde

domingo
29

Sen remite

de Jean Philippe Kikolas

Premio do xurado no Milano Clown Festival entre outros galardóns. Un espectáculo de circo, teatro e humor xestual. Unha personaxe sen palabras, que esperta un aire de nostalxia. Un xogo coa escea, os obxectos e o público que a través de diferentes técnicas introdúcenos no seu particular mundo. Utiliza varias técnicas de circo, escaleira libre, manipulación de obxectos, malabares de rebote e un sinfín de solucións para os conflitos que se plantexan, que lle levarán incluso a introducirse dentro dun globo xigante.

Para todos os públicos
Ás 18:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ persoas adultas, nenos/as de balde.
(venda de entradas 1h antes en taquilla)

CULTURA

sábado
5

A gramola gominola
de Kandengue Arts

É un grupo de música infantil formado por músicos de bandas como Mamá Cabra, De Vacas, Festicultores Troupe ou Di Elas. Nos seus espectáculos amosan unha viaxe didáctica pola historia da música ao público, que poderá descubrir diferentes estilos que van dende o blues ao reggae, pasando polo pop, country, rock ou ska. Cunha posta en escea chea de enerxía, cor e momentos cómicos que gustarán por igual a todos os públicos.

Para todos os públicos
Ás 18:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ persoas adultas, nenos/as de balde
(venda de entradas 1h antes en taquilla)

MAIO
PRIMAVERA
MUSICAL

sábado
12

Cantares do Brión

Coro galego con sede en Vincios que ten como obxectivos restituir, interpretar e divulgar a música coral tradicional galega con acompañamento instrumental, así como o uso do traxe tradicional. Presenta un repertorio baseado en composicións tradicionais e/ou populares de autor/a, algunhas de hai cen anos e outras de nova creación.

Para todos os públicos
Ás 22:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€. (venda de entradas 1h antes en taquilla)

domingo
13

"Cantares do Brueiro"

O Obradoiro de Canto "Cantares do Brueiro" é unha iniciativa que comezou a principios de 2014 e na que un grupo de persoas realiza canto tradicional co obxectivo de dignificar a canción popular. Baixo a dirección do cantor e músico popular guardés Tino Baz.

Para todos os públicos
Ás 19:00h

Auditorio de Goián
De balde

Letras Galegas 2018

xoves

17

Letras Galegas 2018

O 17 de maio Tomiño encherase de actividades lúdicas e educativas, organizadas polo Concello para conmemorar esta data tan importante. Coma en anos anteriores, haberá grandes descontos na venda de libros en galego. As actividades comezarán ás 10:30 horas coa venda de libros e a oferta de obradoiros relacionados coa figura da escritora cacereña María Victoria Moreno, á que se lle adica este ano o día das letras. Ás **12:30h actuará a Agrupación Musical de Goián** e pola tarde teremos teatro na Casa de Cultura.

Para todos os públicos
De 10:30h a 14:30h (obradoiros e concerto). Feira do Libro todo o día.
Praza do Seixo

xoves

17

Bicos con lingua

de Talía teatro

É un espectáculo en clave de comedia. A través de diversas situacións cotiás convida a unha fonda reflexión sobre os usos e os abusos da lingua galega. Nace dun forte sentemento de amor cara a algo tan propio como é a nosa lingua: o galego. Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, senón de afondar un problema real e, certamente, preocupante. Así, preténdese que esta montaxe supoña para a persoa espectadora unha experiencia de redescobremento dunha lingua que existe e que crece na súa inmensa riqueza, a pesares dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.

Non recomendada a menores de 12 anos
Ás 20:00h
Casa de Cultura
Prezo: 3€ (venda de entradas 1h antes en taquilla)

sábado
19

De outra margem

Grupo musical formado por profesorado de ensino secundario e educación primaria que realizará unha actuación en colaboración co alumnado/exalumnado do IES Antón Alonso Ríos e membros da agrupación musical de Goián. Interpretarán temas habituais do seu repertorio así como arranxos para os instrumentos colaboradores entre os que están o acordeón, violín, clarinete, violonchelo, gaita, etc...

Para todos os públicos
Ás 22:00h
Auditorio de Goián
Prezo: 3€ persoas adultas, nenos/as de balde
(venda de entradas 1h antes en taquilla)

MOCIDADE

mércores

7

ata o 23 de maio

Francés Básico

(24 horas)

O concello leva anos apostando polos cursos de idiomas que sempre teñen aceptación e demanda entre a poboación. Aprender outra lingua amplía as nosas habilidades comunicativas e, ademais, axúdanos a introducirnos noutra cultura. O curso será impartido por unha profesora nativa e os coñecementos adquiridos tamén poden abrirnos portas a nivel laboral.

Mércores de 20:00 a 22:00h
Escola Obradoiro de Goián
Prezo inscrición: 15€

A partir dos 12 anos.
Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas.

MARZO

xoves
15
ata o 10 de maio

Radio
(22 horas)

O concello conta cunha radio municipal on-line, destinada á mocidade tomiñesa. Ofertarase un curso de formación radiofónica destinado a profesorado e alumnado do centro educativo, así como á poboación xeral.

Xoves de 16:30 a 18:00h grupo A e de 18:30 a 20:00h grupo B
IES Antón Alonso Ríos
30€ para profesorado e público xeral
De balde para alumnado dos Centros Educativos de Tomiño

A partir dos 12 anos.
Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas.

xoves

22

Poesía e Rap

(5 horas)

A través de ferramentas teórico-prácticas como a escritura creativa, o teatro e a interpretación, os recursos estilísticos, teoría musical básica e historia da música, conseguirase romper a barreira que separa ao alumnado das autoras clásicas, achegar os conceptos de ritma, ritmo e o seu uso dentro da poesía e da música rap, educar dende a perspectiva de xénero e mellorar a autoestima.

IES Tomiño
Horario lectivo
Prezo inscrición: de balde

MOCIDADE

Chupipostres

CUPCAKES E GALLETAS DE MANTEIGA

(12 horas)

luns

9

ata o 30 de abril

O alumnado asistente aprenderá todo o relacionado co mundo dos CUPCAKES e a REPOSTERÍA CREATIVA con ambientación relacionada coa época do ano e partindo dende cero. Contidos: que é un *cupcake*, como se elabora, consellos e trucos, elaboración de *frosting*, decoración con pasta de azucre (*fondant*), elaboración de figuras en formatos 2D e 3D, galletas de manteiga e decoración das mesmas, manga pasteleira e conservación dos produtos.

Luns de 20:00 a 22:00h
Mercado Municipal de Tomiño
Prezo inscrición: 18€

A partir dos 12 anos.
Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas.

ABRIL

MOCIDADE

xoves

3

ata o 28 de xuño

Xaponés Básico

(32 horas)

A finalidade da programación deste curso é presentar elementos de utilidade real á hora de ter un primeiro contacto con persoas niponas: saber presentarse, preguntar pola hora, a profesión, etc... O inicio do estudo do xaponés precisa comezar tal e como empezan os nenos e nenas xaponesas, coa aprendizaxe dos silabarios, que compoñen o método de escritura básico do idioma, así coma os fundamentos da pronuncia xaponesa. Alén diso o alumnado aprenderá non só a lingua, senón a cultura do país.

Martes e xoves de 19:00 a 21:00h
Aula CEMIT
Prezo inscrición: 15€

A partir dos 12 anos
Para que se leve a cabo é necesario un mínimo de 20 alumnos/as.

MAIO

Operador/a de carretillas
DE MANUTENCIÓN
(10 horas)

sábado
19
ata o 26 de maio

As persoas asistentes adquirirán mediante formación, cualificación, experiencia ou combinación das mesmas, o coñecemento e habilidades que lle permitan realizar correctamente o traballo asignado e que lle foi designado e autorizado. O alumnado que supere con éxito as probas teórico-prácticas definidas no anexo A da dita norma recibirán o título de carretilleiro/a.

Sábados de 09:00 a 14:00h.
Escola Obradoiro de Goián
Prezo inscrición: 90€ (as persoas desempregadas terán un 20% de desconto)

A partir dos 18 anos
Para que se leve a cabo é necesario un mínimo de 20 alumnos/as.

DEPORTES

MARZO

sábado
14

Gala do Deporte

A IV Edición da Gala do Deporte levarase a cabo no Auditorio de Goián co obxectivo de premiar aos e ás deportistas tomiñesas destacadas neste último ano. Entre os diferentes galardóns estarán o de mellor deportista feminina e masculino, mellor evento deportivo e deportista con maior proxección, entre outros.

Ás 20:30h
Auditorio de Goián
Prezo: de balde

luns

7

ata o 17 de setembro

Tai-chi Chuan

O Tai-Chi Chuan é unha arte marcial milenaria que traballa dende a enerxía vital interna que cada persoa posúe. A través das diferentes sesións as persoas participantes achegaranse aos movementos lentos e suaves, conscientes e sincronizados. Deste xeito, coa práctica continuada, alcanzarase unha mellora da forza física e a coordinación psicomotora.

Os luns de 19:00 a 20:00h
Casa de Cultura
Prezo: 10€ por persoa

A partir de 12 anos

DEPORTES

MAIO

domingo
22

Desafío Terras de Turonio

Esta é unha proba de BTT de longa distancia que se pode disputar sobre dúas distancias: distancia longa 104 km (parellas) e distancia curta 62 km (individual). O Concello de Tomiño é o patrocinador institucional deste evento. Máis información sobre o mesmo en:
http://desafioterrasdeturonio.blogspot.com.es/

Inscricións:
O prazo está aberto dende o 10/01/18 ata o 05/04/2018
Realizaranse directamente na web www.magmasports.es

Prezos:
Distancia longa (prezo por equipo):
- 50€ desde o 01.02.2018 ao 15.03.2018
- 60€ desde o 16.03.2018 ao 05.04.2018
Distancia curta (prezo de inscrición individual):
- 22€ desde o 01.02.2018 ao 15.03.2018
- 25€ desde o 16.03.2018 ao 05.04.2018

sábado

5

Barferencias
"INICIATIVAS NO RURAL"

Realización dunha escolma de iniciativas emprendedoras e/ou empresariais que poidan ser presentadas no formato de barferencia no concello de Tomiño, con intención de facer unha actividade por mes.

CdM de Couso: ten varios proxectos financiados a través do GDR e que está tendo bos resultados na produción de cogumelos en árbores micorrizadas.

Innovación no agroalimentario: Calabizo. Iniciativa de 3 mulleres que foi seleccionada dentro dos proxectos a impulsar nunha aceleradora de empresas.

A minaría e os montes: Risco que o sector da minaría supón para os nosos montes, en especial no caso das comarcas do Baixo Miño e Val Miñor. Xosé Lois Vilar (Instituto de Estudos Miñoranos).

Asociacionismo e Educación Ambiental: A Jalleira. Iniciativa asociativa de grupo de xente nova do Baixo Miño que organiza actividades de educación ambiental e de divulgación de iniciativas ligadas ao aproveitamento do monte en Galicia.

Sábados 5, 12, 19 e 26. De 12:00 a 13:00h
Mercado Municipal de Tomiño

A partir de 12 anos

VOLUNTARIADO

MAIO

xoves

17

Club de lectura

Trataranse diferentes temáticas de interese para a mocidade e estará dirixido principalmente a adolescentes. Fomentaremos o uso da lingua galega, a lectura e o pensamento crítico. Levarase a cabo no Mercado de Tomiño os primeiros mércores de cada mes. Arrancaremos coa lectura do libro ANAGNÓRISE de Mª Victoria Moreno á que se lle adica este ano o Día das Letras Galegas.

Primeiros mércores de mes. De 18:00 a 20:00h
Presentación o 17 de maio e inicio o 6 de xuño
Mercado Municipal de Tomiño

A partir de 12 anos

Axenda por meses

primavera 2018

MARZO

VENRES 2
XV MOSTRA DE CULTIVOS
do día 2 ao 4 de marzo.

MÉRCORES 7
PILATES PARA AVOAS, NAIS E FILLAS.

XOVES 8
MURAL FEMINISTA ANÓNIMAS.

VENRES 9
LUGARES INESPERADOS.
(Liliya Pobornikova),
ata o 1 de abril.

SÁBADO 10
TÉ CON KANT, de Teatro Inversa.

MÉRCORES 14
"MULLERES ARTISTAS POR DESCUBRIR", ata o 18 de abril.
FRANCÉS BÁSICO, ata o 23 de maio.

XOVES 15
CURSO DE RADIO, ata o 10 de maio.

DOMINGO 18
ROSA CARAMELO E OUTRAS HISTORIAS, de Talía Teatro.

XOVES 22
POESÍA E RAP.

SÁBADO 24
MATRIOSKAS, de Charlatana.

DOMINGO 25
A MALETA DA AVOA,
de Raquel Queizás.

ABRIL

DOMINGO 1
A NENA QUE QUERÍA NAVEGAR,
de Rendrum Teatro.

SÁBADO 7
NA BUTACA, ButacaZero.

LUNS 9
REPTIGALIA, ata o 22 de abril.
CHUPIPOSTRES, ata o 30 de abril.

SÁBADO 14
GALA DO DEPORTE.

DOMINGO 22
DESAFÍO TERRAS DO TURONIO.

DOMINGO 29
SEN REMITE,
de Jean Philippe Kikolas.

MAIO

XOVES 3
XAPONÉS básico, ata o 28 de xuño.

SÁBADO 5
A GRAMOLA GOMINOLA, de Kandengue Arts.
"INICIATIVAS NO RURAL", Barferencias.

LUNS 7
TAI-CHI CHUAN, ata o 17 setembro.

SÁBADO 12
CANTARES DE BRIÓN.

DOMINGO 13
CANTARES DO BRUEIRO, Obradoiro de canto.

XOVES 17
DÍA DAS LETRAS GALEGAS.
BICOS CON LINGUA, de Talía Teatro.
CLUB DE LECTURA.

SÁBADO 19
DE OUTRA MARGEM.
OPERADOR DE CARRETILLAS, ata o 26 de maio.

Tomino
CONCELLO

Inscricións:

www.tomino.gal
+34 986 622 001
+ info: omix@tomino.gal

Distribución gratuíta
Poden existir alteracións da programación e calendario desta axenda.

Deseño: Linckia